



FICHA TÉCNICA NÚMERO/ÚLTIMA REVISIÓN: 913/160518
CERTIFICACIÓN ISO 9001:2015 Nº CA-1.092. LABORATORIO AUTORIZADO Nº 046/GA/SA680A

PRODUTO

ESPUMADORES OU *SKIMMERS*

DESCRIPCIÓN

Eliminadores de **exceso** de **proteínas** e **macromoléculas** en solucións acuosas. En combinación con ozonizadores garanten o **mantemento da calidade da auga** en sistemas pechados e permiten a desinfección e/ou esterilización efectiva do medio de cultivo. A súa utilización como elemento independente de tratamento de auga reduce drasticamente os parámetros BOD e COD, mellora significativamente valores de potencial redox e osixenación e permite o mantemento de niveis de alimentación elevados sen deterioración da calidade da auga.

CARACTERÍSTICAS

Espumadores de **grande efectividade** estruturados en zona de fluxo vertical, zona de reacción e contacto, zona de transporte de espuma e vaso cónico de colección de espuma. Provistos de sistema de inxección de gases e bomba de alimentación de auga para o seu funcionamento constante que garante o **mínimo consumo de potencia** e a **máxima fiabilidade**. De **fácil instalación** e alimentación convencional a 220 V ou trifásica a 380 V, cun **mantemento mínimo**, garante o tratamento de sistemas de auga doce ou salgada en rangos de volume de 1.000 ata 50.000 litros.

DESTINO E MODO DE EMPREGO

Para a dimensión do espumador, a selección do equipo máis adecuado ás súas necesidades e as instrucións sobre a súa instalación, funcionamento e mantemento consulte coa nosa oficina comercial en ventas@acuinuga.com.

